




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/grao-nutricion-humana-dietetica



Grao en Nutrición Humana e Dietética



www.usc.gal



Nutrición Humana e Dietética

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Dietista-Nutricionista, e ten como obxectivo xeral a formación dun profesional da saúde, experto en alimentación, nutrición e dietética, con capacidade para intervir na alimentación dunha persoa ou grupo, desde a nutrición na saúde e na enfermidade, o consello dietético, a investigación e a docencia, e a saúde pública.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Escola Universitaria de Enfermaría
Complexo docente do campus de Lugo
27002 Lugo
enfermaria.lugo.decanato@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grao-nutricion-humana-dietetica

Web propia <https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/graoennutricionhumanaedietetica.html>

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 cursos

Número de prazas: 60

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos, conformados por 60 créditos de formación básica, 168 créditos obrigatorios (24 de Prácticum) e 12 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

O Prácticum consiste na realización de prácticas preprofesionais, cunha avaliación final de competencias, en hospitais, centros de asistencia primaria e socio-sanitarios, organizacións comunitarias, industrias alimentarias e de restauración colectiva, que permitan incorporar os valores profesionais e competencias propias do ámbito clínico, administrativo ou de saúde pública relacionadas coa nutrición humana e dietética.

As prácticas están orientadas a completar a formación dos alumnos universitarios así como facilitar o seu acceso ao mundo profesional.

Saídas profesionais

A profesión de dietista-nutricionista leva implícita no seu exercicio a educación alimentaria e nutricional en calquera dos campos onde é posible exercela.

A figura do dietista, sempre de acordo coa sociedade en que desenvolve o seu labor, actúa nos seguintes ámbitos con funcións específicas de cada un deles: dietista clínico, comunitario ou de saúde pública, dietista en restauración colectiva, na industria, na actividade docente e como investigador. A súa labor pode ser desenvolvida desde os organismos gobernamentais, as empresas do sector da alimentación, a restauración colectiva e social...

Recursos materiais

A Facultade conta con varias aulas de propósito xeral, 3 aulas de informática, e laboratorios con diversas capacidades.

Existen tamén espazos habilitados para o alumnado, como unha sala de lectura con máis de 70 postos, equipada con ordenadores.

Tamén hai que destacar que desde calquera punto da Facultade é posible a conexión sen fíos a Internet.

O servizo de Biblioteca do Campus universitario de Lugo atópase centralizado nun único edificio denominado Biblioteca Intercentros. A Biblioteca conta con máis de 1600 postos de consulta repartidos en 9 salas, incluíndo unha sala de traballo en grupo.

